

SÓCRATES. — (...) Así, pois, a alma, sendo inmortal e tendo renacido moitas veces e ao ter contemplado todas as cousas, as de aquí e as do Hades, non hai nada que non teña aprendido. De xeito que non hai que sorprenderse que ela sexa quen de ter recordos acerca da virtude e das demais cousas que, por certo, coñecera anteriormente. Pois ao estar emparentada toda a natureza e tendo aprendido todo a alma, nada impide para que un, recordando unha soa cousa –iso que os homes chaman aprender–, encontre todas as demais, se é valente e teimudo na busca.

Porque o buscar e o aprender non son máis que reminiscencias. Por conseguinte, non hai que dar creto a ese argumento sofístico. Faríanos preguizosos e é de débiles escoitar o agradable, en cambio este énchenos de enerxía e fainos inquisitivos. E porque confío en que é verdadeiro quero pescudar contigo en que consiste a virtude.

MENÓN. — Si, Sócrates. Pero ¿como dis iso de que non aprendemos, senón que o que chamamos aprender non é máis que reminiscencia? ¿Poderásme ensinar que isto é así?

SÓCRATES. — Xa che dixen hai pouco, Menón, que ti es malicioso, pois agora preguntas se che podo ensinar, a min, que estou dicindo que non hai ensinanza, senón reminiscencia, sen dúbida, para facerme caer inmediatamente en contradición conmigo mesmo.

MENÓN. — ¡Non, por Zeus, Sócrates! Non o dixen con esa intención, senón por costume; pero se tes algún modo de probar que é como dis, amósamo.

PLATÓN. Menón.

Cuestións texto:

1. ¿Que teoría platónica aparece exposta neste fragmento?, ¿que ven a afirmar en relación ao coñecemento humano?, ¿Platón defende a existencia de coñecementos innatos en nós? Argumenta as respostas e aporta as citas oportunas.
2. ¿Que ven a dicir esta teoría platónica acerca da alma?, con outras palabras, ¿que visión da alma transmite o texto? Explica as cuestións e incopora as citas necesarias nas túas respostas.
3. ¿A que se refire Platón cando fala de *ter contemplado todas as cousas*?, ¿que *cousas* son esas?, ¿quen as contempla?, ¿que é iso de contemplar?, e cando dí *coñecera anteriormente*, ¿a que se está a referir?